



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 19 DE ABRIL DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Julio Iglesias Redondo como director xeral de Xustiza
- Decreto polo que se dispón o cesamento de Begoña Santos Fernández como delegada provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza na provincia da Coruña
- Decreto polo que se nomea a Begoña Santos Fernández como nova directora xeral de Xustiza

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se dispón o cesamento de José Rábade Arias como delegado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na provincia de Lugo
- Decreto polo que se nomea a Luís Manuel Álvarez Martínez como novo delegado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na provincia de Lugo

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Decreto polo que se crea o Consorcio "Instituto de Estudos Turísticos de Galicia"

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Decreto polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas



ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Instituto Galego para o Terceiro Sector de Santiago, para o desenvolvemento do programa de apoio a menores vítimas de malos tratos no ámbito familiar

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición da Declaración de Intencións entre a Xunta de Galicia e a Rexión de Klapeida (Lituania)
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da Declaración de Intencións entre a Xunta de Galicia e a República Dominicana
- Acordo polo que se autoriza a subscrición de colaboración entre a Consellería de Sanidade, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela, a través do Instituto da Lingua Galega, para o impulso e a difusión da conservación do coñecemento científico sobre a realidade lingüística de Galicia a través das tecnoloxías da sociedade da información e o coñecemento

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a contratación de persoal para prevención e extinción de incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia durante a campaña do ano 2007

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte, o Concello de Covelo e o Bispado de Tui-Vigo para a restauración dos retablos e púlpito da Igrexa parroquial de Barciademera, en Covelo (Pontevedra)



CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de encomenda de xestión en materia de vacinación internacional entre o Ministerio de Sanidade e Consumo e a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira de Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Castroverde para a obra de adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro de residuos sólidos urbanos, por importe de 248.212,44 euros
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Xunqueira de Espadanedo para a creación de infraestrutura ambiental e depósito de refugallos para a xestión de residuos de construción e demolición, polo importe de 816.596 euros

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial e o correspondente proxecto de urbanización do Parque Empresarial de Mos (Pontevedra)

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Informe sobre actuacións de emerxencia para resolver problemas de contaminación microbiolóxica en determinadas zonas de bancos marisqueiros



A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA REFORMA A SÚA ESTRUTURA ORGÁNICA PARA REFORZAR A EFICACIA E O CONTROL ORZAMENTARIO

- Reorganiza varias áreas da consellería reforzándoas co obxectivo de acadar unha maior eficacia e eficiencia no control do gasto público, á vez que promove a maior eficacia na recadación
- A reforma moderniza a xestión económico-financeira da Xunta para mellorar a coordinación, potenciar a análise e reforzar a transparencia
- A reforma ten custo cero xa que non incrementa os custos de persoal

O obxectivo básico da reforma da estrutura orgánica da Consellería de Economía e Facenda que ven de aprobar hoxe o Consello da Xunta é, por unha banda, a consecución dunha maior eficacia e control do gasto e, por outra, a maior eficacia na recadación. A modernización da xestión económico-financeira da Xunta de Galicia a partir dunha orientación a resultados, dunha mellora na coordinación entre departamentos, e dun reforzo da transparencia son elementos que definen o novo organigrama que reforza varias das áreas e, ademais, non supón un incremento de custos para o departamento. A reforma permitirá, igualmente, unha acción de Goberno compatible cunha política de crecemento e estabilidade económica, e promover unha maior eficacia e procura de aforros nas áreas de persoal, sanidade e empresas públicas.

Na Dirección Xeral de Orzamentos créase unha Subdirección Xeral de Control Orzamentario do Gasto, coas funcións específicas de seguimento, avaliación e control do gasto público; e tamén créase unha Subdirección Xeral de Custos de Persoal coa finalidade de coordinar os servizos de custos de persoal.

Na Secretaría Xeral e do Patrimonio créase unha Subdirección Xeral de Xestión Económico Empresarial que recolle e reorganiza as funcións asignadas ao servizo de Administración Empresarial; e créase o Servizo de Estudos e Estatísticas para, entre outras funcións, levar a cabo as accións previstas para a Consellería no Plan Galego de Estatística 2007-2011.

Pola súa banda, na Intervención Xeral refórzase a coordinación de control financeiro no ámbito sanitario coa creación de tres postos de interventor/a adxunto, que realizarán análise e control específico do gasto nos complexos sanitarios máis importantes.

Igualmente, na Dirección Xeral de Tributos créase unha subdirección xeral de Recadación que, co fin de aumentar a eficacia na xestión tributaria e na recadación, asume e amplía as funcións do Servizo Central de Recadación.



Xestión económica orientada a resultados

Os cambios organizativos na Consellería de Economía e Facenda están inspirados nos principios de eficacia na obtención de resultados, e eficiencia na obtención de obxectivos. Perséguese potenciar a función de análise en aspectos como o impacto de programas e plans, ou a execución orzamentaria o que supón, en definitiva, un mellor control do gasto e un reforzo da transparencia.

Créanse catro novos postos do nivel orgánico de Subdirección Xeral; e outros catro de Xefatura de Servizo, aínda que o incremento do gasto derivado é cero.



O INSTITUTO GALEGO DE ESTUDOS TURÍSTICOS PROMOVERÁ A INVESTIGACIÓN NO SECTOR E O SEU DESENVOLVEMENTO

- O Instituto converterase nun instrumento de desenvolvemento do sector turístico, especialmente nos ámbitos investigador, innovador e de desenvolvemento tecnolóxico
- Permitirá un diagnóstico da situación e avaliación do sector e permitirá homologar as estatísticas sobre a actividade turística
- A Consellería de Innovación e Industria destinará 642.580 euros á posta en marcha deste instituto

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe o decreto polo que se crea o consorcio Instituto de Estudos Turísticos, que terá por obxecto contribuír ao desenvolvemento do sector turístico do noso país, en especial no eido da elaboración de estatísticas e no ámbito investigador. Así mesmo, as funcións do instituto basearanse en estudar a capacidade competitiva das empresas turísticas e do sector turístico galego; en desenvolver tarefas de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico no eido do turismo; e en prestar asistencia ás empresas e entidades vinculadas ao turismo co fin de mellorar a calidade do sector.

Para a posta en marcha do Consorcio Instituto de Estudos Turísticos, que ten como principal misión investigar e avaliar os datos sobre o sector de cara a permitir que se homologuen as estatísticas sobre a actividade turística, a Consellería de Innovación e Industria achega un total de 642.580 euros.

O Instituto de Estudos Turísticos participará no fomento e desenvolvemento de investigación cooperativa entre as empresas e a análise estatística do desenvolvemento do sector turístico e as súas necesidades. Será outro dos obxectivos desta entidade que se vén de constituír a transferencia de resultados de investigación entre os centros públicos e de investigación e as empresas vinculadas ao sector turístico. Entre os cometidos do novo organismo estará o adestrar formadores e formadoras vinculados aos estudos turísticos, tanto dende o punto de vista teórico como práctico. Calquera outra actividade orientada a mellorar a posición do sector turístico de Galicia no marco español e internacional constituirá tamén un obxecto do novo consorcio.

O Instituto é unha entidade de dereito público e de carácter interadministrativo que disporá dun patrimonio e dunha entidade xurídica propia e que estará integrado pola Dirección Xeral de Turismo e pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación; pola Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia (Turgalicia, S.A.); pola Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo; pola Confederación de Empresarios de Hostalaría de Galicia; e polas universidades de Santiago de



Compostela; A Coruña e Vigo. Tamén poderán formar parte del outras entidades do sector turístico públicas ou privadas sen ánimo de lucro que estean interesadas nos seus obxectivos e fins.

A presidencia deste instituto corresponderalle ao titular da Consellería da Xunta de Galicia competente en materia de turismo, isto é, neste momento, ao conselleiro de Innovación e Industria. Do mesmo xeito, haberá un Consello de Dirección integrado por unha presidenta ou presidente, unha vicepresidenta ou vicepresidente e mais nove vogais, un por cada un dos organismos que o integran, así como o director do instituto e mais unha secretaria (con voz pero sen voto). O Instituto de Estudos Turísticos de Galicia contará, así mesmo, cun consello científico cuxos membros serán nomeados polo Consello de Dirección entre persoas de recoñecido prestixio. Polo que se refire ao capítulo de persoal está previsto que o Instituto conte, á parte de co director do mesmo, cun cadro mínimo de catro titulados superiores para responsabilizarse das distintas áreas de traballo que serían: investigación, estatística, formación, cooperación e administración.

Dotación económica

A dotación económica do consorcio por parte da Consellería de Innovación e Industria ascende a 642.580 euros. Deste orzamento estímase que douscentos mil euros están destinados para o seu funcionamento durante o exercicio 2007 e, dentro da aplicación orzamentaria correspondente, contémplanse para a súa estrutura (en concepto de gastos en investimentos de carácter inmaterial) catrocentos corenta e dous mil cincocentos oitenta euros para o exercicio 2007.

Esta dotación estará constituída ademais de polo orzamento que achega a Consellería de Innovación e Industria, polas achegas que acheguen tamén o resto das entidades do consorcio, por outras achegas de entidades públicas ou privadas, polas achegas obtidas pola prestación de servizos propios do consorcio e mais polos fondos obtidos para o desenvolvemento de proxectos con cargo a convocatorias de programas autonómicos, de administración do Estado, europeos e internacionais de I+ D+ i.



A XUNTA CREA O CATÁLOGO DE ESPECIES AMEAZADAS PARA A PROTECCIÓN E PRESERVACIÓN DE CASE 200 POBOACIÓNS DE FAUNA E FLORA

- O inventario recolle catro tipo de categorías: en perigo de extinción, sensible á alteración do seu hábitat, vulnerables e de interese especial

O consello da Xunta aprobou hoxe o decreto mediante o cal se crea o Catálogo Galego de Especies Ameazadas, promovido pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, para a preservación e conservación de poboacións de fauna e flora de Galicia que se atopen en situación de risco ou vulnerabilidade.

O catálogo é un rexistro público, dependente da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, no cal se inclúen aquelas especies, subespecies ou poboacións pertencentes á flora e fauna silvestre, que, atopándose ameazadas, requiran medidas de protección específicas. O inventario materialízase nun rexistro cun tomo para cada categoría e completárase cun arquivo, no quedarán os documentos técnicos que acompañaron o expediente de catalogación, así como a actualización deles, cando for o caso.

No decreto aprobado hoxe, inclúense 195 especies, divididas en catro categorías, en función do seu risco. A de en perigo de extinción está reservada a aquelas poboacións cuxa supervivencia está ameazada nas condicións actuais; e inclúe 49 especies de flora, 8 de invertebrados, 3 de vertebrados, 13 de aves, 1 mamífero. A contía restante corresponde ás categorías seguintes: sensibles á alteración do seu hábitat; vulnerables e de interese especial.

A catalogación implicará a elaboración de plans de recuperación, destinados ás especies en perigo de extinción e de conservación para aquelas poboacións de fauna e flora vulnerables.

O proceso de catalogación, descatalogación e cambio de categoría dunha poboación poderá ser iniciado de oficio pola dirección xeral, cando exista información técnica que así o aconselle.



A XUNTA E O INSTITUTO GALEGO DE XESTIÓN PARA O TERCEIRO SECTOR COLABORAN NUN PROGRAMA DE ATENCIÓN A MENORES QUE SOFREN VIOLENCIA

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio, ao cal a Vicepresidencia de Igualdade e Benestar destina 234.223 euros

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES) para o desenvolvemento dun programa de asistencia inmediata aos menores que son vítimas de violencia física ou psíquica no ámbito familiar. Este proxecto, ao cal a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar destina un total de 234.223 euros, intégrase na rede de dispositivos que a Secretaría Xeral do Benestar destina á prevención, detección e intervención no ámbito dos malos tratos á infancia.

O programa dirixe o seu labor a aquelas familias no seo das cales se produce violencia e que residen nos barrios suburbanos das grandes cidades de máis de 100.000 habitantes, en poboacións entre 25.000 e 100.000 habitantes ou en zonas rurais. Para o seu desenvolvemento, o IGAXES contará con catro equipos formados por un psicólogo e un traballador social, que traballarán en rede baixo a supervisión dun coordinador.

O obxectivo deste proxecto é a asistencia urxente aos menores vítimas de malos tratos no ámbito familiar por especialistas na intervención e tratamento neste ámbito. Tamén poderán beneficiarse todas as familias galegas que o necesiten e que accedan á rede da Dirección Xeral de Acción Social a través dalgún dos seus dispositivos relacionados coa infancia (sanidade, pediatría, educación, xulgados, etc.) Así mesmo, poderán ser tratados a través deste recurso aqueles casos que os outros dispositivos da rede (gabinetes de orientación familiar, Programa de Integración Familiar, Centros de Acollda, Teléfono do Menor, etc.) consideren susceptibles de seren tratados por este servizo.

O Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector é unha entidade que ten como finalidade a atención a familias en que se teñan detectado problemas de violencia contra os menores, aos cales lle procura a súa competencia profesional, formación cultural e inserción social.



O GOBERNO GALEGO COLABORARÁ EN MATERIA DE DESENVOLVEMENTO COA REPÚBLICA DOMINICANA E COA REXIÓN LITUANA DE KLAPEIDA

- O Consello da Xunta autorizou esta mañá o asinamento destas dúas declaracións
- Os acordos concretos que sustentarán a cooperación con estas dúas áreas xeográficas serán asinados proximamente, unha vez que se definan os ámbitos de colaboración

O Goberno galego vai subscribir proximamente unha Declaración de Intencións coa República Dominicana e outra coa rexión de Klapeida, en Lituania, logo de que o Consello da Xunta autorizase, na súa reunión de hoxe, ambos os dous asinamentos. Estas dúas declaracións de intencións enmárcanse dentro da política de cooperación que está a desenvolver o Goberno galego e permitirán a cooperación interrexional, entre Galicia e o país iberoamericano, dunha banda, e co condado de Klapeida, pola outra.

No que se refire á República Dominicana, esta Declaración de Intencións dará continuidade á colaboración iniciada entre Galicia e este país. Hai xa algún tempo que a Xunta vén colaborando con diversas institucións e entidades da sociedade civil daquel país co fin de cooperar na mellora dos seus indicadores de desenvolvemento humano.

A colaboración entre o Goberno galego e o da República Dominicana efectuarase naquelas áreas que se consideren de interese mutuo, aínda sen definir, e enmarcarase dentro dos principios, obxectivos e áreas de actuación recollidas no I Plan Director de Cooperación Galega 2006-2009 e consonte as liñas e directrices básicas da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento.

Carta de Intencións con Lituania

Doutra banda, a Xunta de Galicia colaborará co Goberno da Rexión de Klapeida en Lituania no ámbito do desenvolvemento rexional sustentable, o turismo e o desenvolvemento cultural e a xestión integrada das zonas costeiras. Estes tres ámbitos de cooperación estarán recollidos na Declaración de Intencións que se asinará proximamente.

A sinatura desta Declaración de Intencións co Goberno de Klapeida responde ao obxectivo de elevar á cooperación interrexional como unha parte importante das relacións hispano-lituanas e que conforman, así mesmo, o alicerce da integración europea. Deste xeito, plásmase a vontade do Goberno galego e do seu presidente de establecer e favorecer a creación de condicións propicias para desenvolver relacións amigables entre os galegos e os habitantes do condado de Klapeida.



As condicións e os métodos da cooperación serán especificados en acordos concretos que serán asinados no seu momento.



A XUNTA DESTINARÁ PRETO DE 16 MILLÓNS DE EUROS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS DURANTE A CAMPAÑA DESTE ANO

- Serán un total de 6.000 os efectivos que este ano loitarán en Galicia contra o lume, o que supón un incremento de
- O acordo de hoxe permitirá a contratación de 1.885 novos efectivos
- Esta contratación vén a completar os 2.000 efectivos humanos dos que hoxe xa dispón a Consellería do Medio Rural para facerlle fronte aos incendios forestais e súmanse tamén aos que se contratarán a través da empresa pública Seaga
- O período de contratación será de catro meses e medio para os xefes de cuadrilla e de catro meses para o resto de categorías
- A Consellería do Medio Rural xa programou unha oferta formativa de 190 cursos, con especial incidencia na prevención de riscos laborais, adaptada ás distintas categorías que integran o operativo

O Goberno galego destinará, a través da Consellería de Medio Rural, un total de 15.883.716,85 euros á contratación de persoal para a prevención e extinción de incendios forestais na Comunidade Autónoma durante a campaña do ano 2007. Así o acordou hoxe o Goberno galego na súa reunión semanal. Con esta contratación, a cifra de efectivos que este ano loitarán en Galicia contra o lume ascende a 6.000 persoas.

Con este acordo, o Goberno galego pretende reforzar o equipo e persoal destinado á loita e contra os incendios forestais, levando a cabo a contratación dun reforzo nas categorías de técnicos de apoio, xefes de cuadrilla, condutor motobomba, operador-codificador, peón condutor, peón, oficial 2ª mecánico, vixiante fixo e emisorista. En total, para a campaña do ano 2007, a Consellería do Medio Rural contratará 1.885 efectivos nestas categorías, que se sumarán aos efectivos profesionais dos que dispón e que participan normalmente na extinción dos lumes forestais.

Tal e como establece o acordo, a contratación deste persoal de reforzo realizarase por un período de catro meses, agás para a categoría de xefes de cuadrilla, cuxa contratación será por un período de catro meses e medio. Polo tanto, increméntase nun mes e medio e nun mes respectivamente en comparación con anos anteriores. Esta ampliación e o adianto ao mes de xuño corresponde á necesidade de proporcionarlles unha mellor e maior formación aos traballadores do dispositivo. Neste sentido, a Consellería do Medio Rural xa programou unha oferta formativa de 190 cursos, con especial incidencia na prevención de riscos laborais, adaptada ás distintas categorías que integran o operativo. Deste xeito, garántese que os traballadores contén, alomenos, cunha quincena de formación.



Esta contratación vén completar os 2.000 efectivos humanos dos que hoxe xa dispón a Consellaría do Medio Rural para facerlle fronte aos incendios forestais (entre traballadores fixos e fixos-discontinuos e persoal técnico e directivo) e ten como obxectivo reducir a superficie queimada polo lume e defender as masas arboradas e os espazos protexidos das consecuencias dos incendios.

Os obxectivos que persegue o Goberno galego con esta iniciativa son reducir as superficies queimadas polo lume, a defensa das masas arboradas e a defensa dos espazos protexidos para evitar reproducións, co fin último de minorar os danos económicos sociais e culturais que provocan os lumes.

Este acordo enmárcase no plan que cada ano elabora a Subdirección Xeral de Defensa contra os Incendios Forestais, integrada na Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais: o Plan de Loita contra os Incendios Forestais (PLADIGA), que recolle todas as instrucións de actuacións dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais e define os obxectivos que deben acadarse ao final do ano. Neste plan, dedícase un capítulo á extinción de incendios forestais onde se recollen os medios humanos e materiais, a súa distribución territorial e o procedemento operativo en función do risco de lumes, segundo épocas, perigos e zonas.

Dispositivo de prevención e vixilancia disuasoria

Este acordo complementa ao aprobado a pasada semana, que supuxo a aprobación dun investimento de 9,9 millóns de euros para a contratación de 60 brigadas de vixilancia móbil, 51 brigadas de reforzo de verán, 3 especiais helitransportadas e 10 brigadas helitransportadas. Estes efectivos que serán contratados por Medio Rural, a través da empresa pública Seaga, destinaranse á realización de traballos ligados á prevención, vixilancia disuasoria e extinción de incendios forestais. Así, a totalidade do persoal de incendios da Comunidade Autónoma, sumando os efectivos que se contratarán a través de Seaga, ascende a 6.000 persoas.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA COLABORARÁ CO INSTITUTO DA LINGUA GALEGA DA USC NA CONSERVACIÓN DO COÑECEMENTO CIENTÍFICO SOBRE A REALIDADE LINGÜÍSTICA DO PAÍS

- A Consellería achegará 90.000 euros para a dixitalización e informatización dos materiais lingüísticos do Instituto e a difusión a través da Internet dos resultados de investigación desenvolvidos polo centro

O Consello da Xunta de Galicia autorizou na súa reunión desta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a través do seu Instituto da Lingua Galega, para a realización de distintas actividades para o impulso e a difusión da conservación do coñecemento científico sobre a realidade lingüística de Galicia a través das tecnoloxías da Sociedade da Información e o Coñecemento.

En virtude deste convenio, que contará cunha achega da Consellería de 90.000 euros, desenvolveranse os recursos que posibilitarán a conservación en soporte dixital dos materiais lingüísticos propiedade do Instituto e a difusión a través da internet dos resultados de investigación desenvolvidos.

Deste xeito, levarase a cabo a dixitalización dos materiais de campo recollidos para a elaboración do Atlas Lingüístico Galego, unha acción que permitirá garantir a conservación de materiais que manteñen aínda o formato orixinal dos traballos de campo realizados a partir de 1974 (debuxos, fotos, cadernos de papel, material sonoro), mediante a súa dixitalización, informatización e almacenamento, e coa cal tamén se facilitará a xestión interna da información. Igualmente, iniciarase a incorporación dos arquivos dixitais resultantes á base de datos do Atlas Lingüístico Galego, co que se arrequentará a base e se facilitarán e complementarán as consultas. Para desenvolver este traballo contarase con técnicos informáticos e co persoal do Instituto, que difundirá posteriormente os resultados desta acción e facilitará o acceso dos investigadores aos fondos dixitalizados.

Así mesmo, desenvolverase a páxina do Instituto da Lingua Galega para a difusión dos resultados de investigación derivados dos proxectos que se desenvolven no centro, co fin de informar a comunidade científica dos proxectos desenvolvidos e de facilitar o acceso aos resultados da investigación derivados deles. Ademais, realizaranse os labores precisos para que a mesma páxina web poida ser empregada polos membros do centro para accederen a fondos e recursos de uso restrinxido.



CULTURA RESTAURARÁ OS RETABLOS E O PÚLPITO DA IGREXA DE BARCIADEMERA EN COVELO

- A actuación suporá un desembolso de 100.000 euros que se concretará nun convenio de colaboración asinado polo departamento de Ánxela Bugallo, o Concello de Covelo e o bispado de Tui-Vigo

A Consellería de Cultura financiará con 100.000 euros a restauración dos retablos e o púlpito da igrexa parroquial de Barciademera en Covelo (Pontevedra). A recuperación destas pezas é froito dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, o Concello de Covelo e o bispado de Tui-Vigo.

A contía total da axuda do autonómico ascende a 100.000 euros, que serán repartidos en dúas anualidades e co que se vai solucionar o estado de deterioración no que se atopan as pezas. Tanto os retablos como o púlpito requiren unha restauración de xeito urxente, posto que ameazan con derrubarse. Esta rehabilitación contribuiría ademais de á recuperación dunha obra de arte á engalaxe desta zona rural.

Tanto a Consellería de Cultura coma o Concello de Covelo e o Bispado de Tui-Vigo recoñecen, dentro do patrimonio histórico-artístico con que conta este concello pontevedrés, o conxunto que conforma a igrexa parroquial de Barciademera, xunto cos elementos artísticos que se atopan no interior do templo, retablos e púlpito.

A Consellería, a través da Dirección Xeral de Patrimonio, demostra co apoio a este convenio económico que o seu obxectivo primordial é promover a protección, conservación e difusión do patrimonio cultural de Galicia.



SANIDADE XESTIONARÁ ONCE CENTROS DE VACINACIÓN INTERNACIONAL EN GALICIA

- O Ministerio de Sanidade encomenda á Consellería de Sanidade a vacinación internacional no marco da Comunidade Autónoma

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe un convenio polo que o Ministerio de Sanidade encomenda á Consellería de Sanidade a vacinación internacional en Galicia. Para isto, o departamento de María José Rubio Vidal contará cun total de 11 centros en Galicia.

A vacinación internacional é competencia do Estado. Galicia dispón de dous centros de Sanidade Exterior na Coruña e Vigo, dependentes do Ministerio de Sanidade, pero que resultan insuficientes para a poboación, que en moitas ocasións debe desprazarse ata estas dúas cidades para acceder á vacinación.

A xestión de tarefas de vacinación internacional por parte da Consellería de Sanidade permitirá reordenar esta situación co obxectivo de prestar un mellor servizo á poboación, así como facilitar a accesibilidade e equidade da vacinación internacional.

A encomenda de xestión non suporá cesión de titularidade da competencia, que segue sendo do Ministerio de Sanidade e Consumo, que é a entidade que marca as pautas de traballo e certas normas de obrigado cumprimento, así como reserva para si facultades de inspección. Pero tamén se compromete a facilitar as publicacións oficiais e material divulgativo a este respecto, e a formación dos profesionais responsables dos centros.

Así, logo da sinatura deste convenio, ademais dos dous centros de Sanidade Exterior con que conta o Ministerio de Sanidade en Vigo e A Coruña, os galegos e galegas poderán vacinarse nos complexos hospitalarios universitarios Juan Canalejo da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo; así como nos complexos hospitalarios Xeral-Calde de Lugo; de Ourense; e de Pontevedra. Os hospitais Arquitecto Marcide de Ferrol, Virxe da Xunqueira de Cee, Comarcal de Monforte, o da Costa en Burela, e o do Salnés, en Vilagarcía, tamén serán puntos de vacinación internacional.



A XUNTA INVESTIRÁ 236.700 EUROS NUN CONVENIO PARA O CONTROL AEROBIOLÓXICO DE GALICIA

- A Consellería de Sanidade colabora coa Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e as universidades de Vigo e de Santiago de Compostela no desenvolvemento desta iniciativa

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a renovación dun convenio entre as consellerías de Sanidade e de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, e as universidades de Santiago de Compostela e de Vigo para o control aerobiolóxico de Galicia polo que se realiza un seguimento sistemático da cantidade de pole no ambiente. O importe deste convenio ascende a un total de 236.700 euros, cantidade que aboarán as Consellerías de Sanidade e de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible distribuído en dúas anualidades, de 111.100 euros no ano 2007, e de 125.600 euros nos ano 2008.

A Consellería de Sanidade, que inviste un total 123.550 euros, considera importante contribuír ao mantemento da Rede de Aerobioloxía de Galicia. Esta rede toma e analiza mostras continuas do ambiente que permite coñecer con precisión, entre outras datos, a intensidade da polinización. Unha información moi útil para as persoas sensibles pois lles permite estar especialmente preparados para o momento do ano no que enferman. A Rede de Aerobioloxía de Galicia pon os resultados á disposición da Consellería de Sanidade para que lle dean a difusión que considere oportuna. Así, dunha banda, a administración sanitaria pode facer unha difusión específica dos datos entre os profesionais sanitarios, para que informen os seus pacientes interesados; e por outra, pode favorecer o seu coñecemento entre a poboación xeral.

A colaboración das Consellerías de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, e a de Sanidade coas Universidades de Santiago de Compostela e de Vigo faise necesaria, pois estas universidades son os únicos organismos que teñen establecida unha rede galega aerobiolóxica que conta cunha serie de captadores de control aerobiolóxico que permiten elaborar mapas, informes e predicións de contido polínico atmosférico en Galicia.

Esta colaboración permite potenciar esta rede, asegurando o seu funcionamento, e tamén facilitar a difusión dos seus datos, e estimular estudos específicos sobre o mellor uso da información que proporciona.



MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ MÁIS DE 800.000 EUROS NA CREACIÓN DA INFRAESTRUTURA AMBIENTAL E NUN DEPÓSITO DE REFUGALLOS DA CONSTRUCCIÓN EN XUNQUEIRA DE ESPADANEDO (OURENSE)

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 816.596 euros no proxecto de creación de infraestrutura ambiental e dun depósito de refugallos para a xestión de residuos da construción e demolición (RCD) no concello de Xunqueira de Espadanedo (Ourense). O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e financeira entre a administración autonómica e a local para acometer ambas as obras, que serán financiadas na súa totalidade polo departamento autonómico.

O obxectivo desta obra é eliminar deste xeito os vertedoiros incontrolados nesta zona, na cal non existe actualmente ningún depósito de residuos da construción. O proxecto, que ten un prazo de execución de catro meses, incluírá o control de accesos, a adecuación do lugar, a evacuación de pluviais, pavimentación, instalacións e equipamento así como outras actuacións complementarias.

O depósito de RCD instalarase nos terreos dunha antiga fábrica de cerámica no denominado lugar dos Areás, á beira da estrada que une os concellos de Xunqueira de Espadanedo e Maceda.



MEDIO AMBIENTE INVISTE 248.212 EUROS NA CLAUSURA DO VERTEDOIRO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DE CASTROVERDE (LUGO)

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará 248.212 euros á obra de adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro de residuos sólidos urbanos (RSU) do Concello de Castroverde (Lugo), despois de que o Consello da Xunta autorizase hoxe o investimento para esta obra, que será financiada na súa totalidade pola administración autonómica.

O vertedoiro de RSU sitúase na parroquia de Castroverde, no lugar de Montevello, e ten unha superficie duns 21.900 metros cadrados, no cal se están a depositar os residuos xerados en todo o municipio. A obra de clausura que realizará a Consellería de Medio Ambiente contempla o movemento dos residuos existentes, a selaxe superficial do vertedoiro, as obras de drenaxe, control de gases e revexetación da zona, ademais doutras actuacións complementarias. O prazo de execución é de tres meses.

A adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro de RSU de Castroverde é unha das actuacións previstas no Programa de Rexeneración de Espazos Degradados incluído no Plan Xeral de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia. Dende a aprobación deste plan, no ano 1998, son xa preto de 200 os concellos que envían os residuos á valorización enerxética e unha ducia de concellos os que apostaron pola compostaxe.



A XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL E O DE URBANIZACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE MOS QUE CONTA CUNHA SUPERFICIE DE 800.000 METROS CADRADOS E UN INVESTIMENTO TOTAL DE 40,9 MILLÓNS DE EUROS

- O Consello da Xunta tamén declarou de utilidade pública e interese social o desenvolvemento do parque empresarial
- Os traballos para a adquisición do solo xa están en marcha coa elaboración do proxecto expropiatorio, que estará concluído no mes de setembro
- O departamento autonómico mantén o cronograma previsto e poderá licitar e iniciar as obras de urbanización no segundo semestre do ano

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe o proxecto sectorial e o proxecto de urbanización do Parque Empresarial de Mos. Efectuado este último paso da tramitación, a Consellería mantén os prazos previstos, que pasan por licitar e iniciar as obras de urbanización ao longo do segundo semestre do ano. O orzamento total deste parque empresarial ascende a 40,9 millóns de euros e a súa superficie será de 800.000 metros cadrados.

O Consello da Xunta tamén declarou de utilidade pública e interese social o desenvolvemento do Parque Empresarial de Mos, así como a necesidade de ocupación dos bens e dereitos necesarios pola vía da expropiación. Neste sentido, a Consellería de Vivenda e Solo está elaborando o proxecto expropiatorio para a adquisición dos 800.000 metros cadrados de superficie sobre os cales se desenvolverá o Parque Empresarial de Mos. A Consellería contratou en decembro de 2006 a elaboración deste proxecto cun investimento de 124.150 euros e un prazo de 8 meses para a súa elaboración, coa finalidade de dispor do 100% do solo en setembro de 2007 e iniciar de xeito inmediato as obras de urbanización.

O futuro Parque Empresarial de Mos ten unha superficie total de 800.000 metros cadrados, dos cales se destinarán a uso empresarial un total de 388.965 m². Ademais, o Parque Empresarial contará cunha gran zona verde que ocupará o 38% da superficie total e contribuirá á súa integración no medio e a minimizar o impacto visual.

A Consellería de Vivenda e Solo reserva unha partida de 24 millóns de euros nos orzamentos de 2007 para o desenvolvemento deste parque empresarial, cuxo orzamento total ascende a 40,9 millóns de euros.

Solicitudes de parcelas

Un total de 440 empresas solicitaron parcelas no Parque Empresarial de Mos durante o prazo de solicitude aberto pola Consellería de Vivenda e Solo entre o 28 de



novembro de 2006 e o 28 de febreiro de 2007. Estas solicitudes representan unha demanda de superficie que suma 1.799.000 metros cadrados, fronte aos 393.300 m² de solo empresarial neto dispoñible. A pesar desta elevada demanda, tan só un 3,64% das solicitudes de parcelas corresponden a empresas de nova creación, mentres que o restante 96,36% foi para traslado ou ampliación.

Segundo parque empresarial

Por outra banda, a Consellería de Vivenda e Solo xa convocou o concurso público para a presentación de propostas de implantación dun segundo parque empresarial de Mos. Esta convocatoria supón o inicio da elaboración dos traballos técnicos necesarios para o desenvolvemento dunha superficie empresarial de ata 1.000.000 de metros cadrados na zona da Arrufana no concello de Mos, ao leste da N-550. A proposta de implantación seleccionada será o informe técnico que facilite a ordenación de detalle do ámbito elixido para este segundo parque empresarial.

A XUNTA APROBA UN PLAN DE EMERXENCIA QUE INVESTIRÁ 14,5 MILLÓNS DE EUROS NA DEPURACIÓN DAS RÍAS GALEGAS

- O obxecto deste plan é solventar os problemas de calificación das zonas de produción de moluscos bivalvos
- Preténdese investir o máis rápido posible a calificación das zonas de marisqueo **declaradas "C"**
- Acometeranse actuacións de emerxencia nas rías de Baiona, Pontevedra, A Coruña, Vigo e Arousa por valor de 8,2 millóns de euros
- Pesca porá en marcha diversos plans de traballo para paliar a situación económica á que se ven abocados os traballadores do mar pola clasificación das súas zonas de produción **como "C", cun orzamento de máis de 14,8 millóns de euros**
- O plan aprobado hoxe incorpora unha batería de actuacións prioritarias para reducir o aporte xeral da carga microbiolóxica ao conxunto das rías galegas, que terá un custe de 6,2 millóns de euros
- Medio Ambiente licitará ademais 21 depuradoras neste ano o que supón unha actuación histórica nesta materia, xa que permitirá –coas depuradoras xa existentes– que 2,5 millóns de habitantes se beneficien destas instalacións

O Goberno galego, a través das consellerías de Pesca e Asuntos Marítimos e Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, porá en marcha un plan de actuacións de emerxencia para mellorar de forma urxente a calidade das augas nas zonas de produción de moluscos bivalvos. O contido deste plan foi analizado esta mañá polo Consello da Xunta. O seu obxectivo principal é reducir a carga microbiolóxica nos bancos marisqueiros que tras as últimas análíticas pasaron de zona "B" a "C" provisional, para inverter esta situación. Tamén se propoñen intervencións naquelas rías susceptibles de sufrir ese mesmo cambio a curto ou medio prazo, polos niveis de coliformes debidos a unha deficiente depuración das augas residuais urbanas.

O plan presentado hoxe propón actuacións consideradas de emerxencia, e que polo tanto recibirán este tratamento nas rías de Baiona, Pontevedra, A Coruña, Vigo e Arousa, todas elas con zonas de produción de moluscos que teñen bancos marisqueiros que pasaron temporalmente, tralas análises de marzo, de ser zona "B" a "C" provisional. O orzamento destas actuacións de emerxencia ascende a 8.292.865 euros.

Ademais destas accións, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos deseñou, en consenso co sector, diversos plans de traballo co fin de paliar a situación económica á que se ven abocados os traballadores do mar pola clasificación das súas zonas de produción como "C" provisional, que non lles permite comercializar en fresco as especies extraídas. En concreto, un total de 730 mariscadores a pé e a flote que traballan nas rías de Ferrol, O Burgo (A Coruña) e Baiona estanse a beneficiar xa

destas actuacións, que lles permiten manter a súa renda realizando labores de rexeneración e acondicionamento do bancos marisqueiros, vixilancia ou actividades formativas.

Asimesmo, Pesca prevé que proximamente uns 598 mariscadores de Corcubión, Miño e Pontevedra, que están a sufrir unha situación idéntica aos anteriores, poidan favorecerse deste tipo de medidas. Deste xeito, o departamento que dirixe Carmen Gallego cumpre coa súa vontade de compensar aos mariscadores pola perda de rendas ocasionada pola deficiente ou inexistente depuración das augas.

O total do orzamento que a Consellería de Pesca destinará aos mariscadores que traballan nestas zonas ascende a máis de 14,8 millóns de euros (14.833.169 €).

Actuacións preventivas

Ademais destas, existen outras zonas con problemas puntuais de contaminación que poden dar como resultado, en determinadas épocas do ano, un empeoramento na súa clasificación. Por iso, o plan presentado hoxe ao Consello da Xunta incorpora outra batería de actuacións prioritarias para reducir o aporte xeral da carga microbiolóxica ao conxunto das rías galegas. Céntranse nas carencias estruturais detectadas en depuradoras que verten ás augas, cuxa corrección terá un custe de 6.255.428 euros. Estas plantas depuradoras son as de Neda, Cabanas-Pontedeume, Sada (Ría de Ares-Betanzos), Meaño, Padrón-Lestrove, Vilagarcía de Arousa (Ría de Arousa), O Barqueiro (Ría de Barqueiro), Cee-Corcubión (Ría de Cee-Corcubión), Ponteceso (Ría de Corme-Laxe), Neda (Ría de Ferrol), Serra de Outes (Ría de Muros-Noia), Bueu, Sanxenxo (Ría de Pontevedra), Teis (Ría de Vigo), Viveiro (Ría de Viveiro). Deste xeito, o Goberno galego intervirá, ben con medidas de emerxencia ou urxentes, nunha ducia de rías cun orzamento que supera os 14,5 millóns de euros.

Todo este paquete de medidas pretende inverter o máis rápido posible a cualificación das zonas de marisqueo declaradas "C", e ao mesmo tempo previr futuras permutas de "B" a "C" pola carga microbiolóxica que chega ás rías de Galicia. A medio prazo, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, dentro do seu programa para licitar 21 depuradoras neste mesmo ano, ten previsto construír 13 en núcleos de poboación emprazados nas diferentes rías. Así, neste ambicioso programa, o de maior calado na historia da Comunidade en materia de depuración, están incluídas as depuradoras de Ares-Fene-Mugardos, Bergondo, Camariñas, Fisterra, Malpica de Bergantiños, Muros, Ponteceso, Ribeira, Ribadeo, Baiona, Catoira, O Grove e Poio-Raxó.

Xa neste intre, están en execución, por parte de Augas de Galicia, outras dez depuradoras. Coas instalacións existentes (39), as que están en execución (10) e as que se licitarán este ano (13) beneficiaranse máis de 2.500.000 habitantes



equivalentes, que darán cumprimento á Directiva 91/271 de tratamento de auga residual e aos usos do medio receptor, sobre todo relacionado coa actividade marisqueira e zonas de baño.

BEGOÑA SANTOS FERNÁNDEZ, NOVA DIRECTORA XERAL DE XUSTIZA

Begoña Santos Fernández foi nomeada hoxe polo Consello da Xunta directora xeral de Xustiza, en substitución de Julio Iglesias Redondo.

Nacida en Lugo en 1962, é licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago dende 1985. No ámbito profesional, é avogada en exercicio con bufete propio dende 1996 e atópase inscrita na quenda de oficio especial do Colexio de Avogados de asistencia á vítima de violencia doméstica e xustiza de menores.

Exerceu tamén coma Directora da Escola de Práctica Xurídica do Ilustre Colexio de Avogados de Lugo, ao tempo que é membro da Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Avogados de Lugo no cargo de Bibliotecaria Contadora.

Impartiu clases de Deontoloxía e Dereito Matrimonial na Escola de Práctica Xurídica de Lugo, acadando a titoría de Dereito Matrimonial. Tamén é colaboradora no Plan Estratéxico para a Igualdade da Muller do Concello de Lugo.

Ao longo dos últimos anos completou a súa formación coa asistencia a numerosos cursos e seminarios tanto no seu cargo coma Directora da Escola de Práctica Xurídica do Ilustre Colexio de Avogados de Lugo coma de forma persoal, centrándose dunha maneira especial nos temas relacionados co Dereito Laboral e as novas formas de sancións enfocadas ao ben social.

Un dos seus últimos actos coma Directora da Escola de Práctica Xurídica do Ilustre Colexio de Avogados de Lugo foi a súa presenza na Xunta de Xuntas de Goberno de España celebrada en Tenerife en maio de 2005. Dende agosto deste ano ata a actualidade foi delegada provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en Lugo.



NOMEADO LUÍS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ COMO NOVO DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN EN LUGO

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Luís Manuel Álvarez Martínez novo delegado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na provincia de Lugo, en substitución de José Rábade Arias, que se incorporará ás listas electorais para as próximas eleccións municipais.

Luís Manuel Álvarez Martínez, nado o 26 de xuño de 1963 en San Juan de Prendonés, El Franco (Asturias), é licenciado en Ciencias Matemáticas pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Traballou como funcionario do corpo de profesores de educación secundaria, da especialidade de matemáticas, desde o 1 de outubro de 1988, e do corpo de inspectores de educación, da especialidade de matemáticas, desde o 1 de xullo de 2005.

Como profesor, desempeñou o seu labor no Instituto de Bacharelato de Tineo (Asturias); no Instituto de Formación Profesional de Chantada; no de Betanzos; e no de Ribadeo (actualmente Instituto de Educación Secundaria Porta da Auga).

No eido da inspección educativa, Luís Manuel Álvarez Martínez traballou como inspector de educación en réxime de comisión de servizos, na Delegación Provincial de Lugo; como inspector de educación en prácticas, con destino provisional na Delegación Provincial de Lugo; como funcionario do corpo de inspectores de educación, con destino definitivo na Delegación Provincial de Lugo; e, desde setembro de 2005, como inspector xefe da provincia de Lugo.

O novo delegado provincial da Administración educativa en Lugo desempeñou cargos directivos, como xefe do departamento didáctico de matemáticas, xefe de estudos e director do Instituto de Formación Profesional de Ribadeo.